

## SOCIALISMO E NACIONALISMO

Na actualidade funcionan en Irlanda unha serie de organizacións que percuran preservar o sentimento nacional no corazón do pobo.

Estas organizacións, sexan movementos a prol da fala irlandesa, sociedades literarias ou comités conmemorativos, están a realizar, sen dúbida, un labor de duradeiro beneficio a este país axudando a salvar da extinción a preciosa historia racial e nacional, o idioma e mais as características do noso pobo.

Sen embargo, existe o perigo de que por adherírense estrictamente de máis aos seus actuais métodos de propaganda e polo consecuente abandono dos asuntos de importancia vital, só consigan estereotipar os nosos esforzos históricos nunha adoración do pasado, ou ben cristalizar o nacionalismo nunha tradición, gloriosa e heroica, certamente, mais aínda así unha tradición.

Agora ben, as tradicións poden, e a miúdo fano, proporcionar materiais para un glorioso martirio, pero nunca poden ser fortes de abondo para erguer a treboada dunha revolución triunfante.

Se o movemento nacional dos nosos días non quere limitarse a repetir as vellas e tristes traxedias da nosa historia pasada, debe amosar que é quen de poñerse á altura das esixencias do momento.

Debe demostrar ao pobo de Irlanda que o noso nacionalismo non é simplemente unha mórbida idealización do pasado, senón que tamén é quen de formular unha resposta distintiva e definida aos problemas do presente, e que é un credo político e económico capaz de se axustar ás necesidades do futuro.

Este concreto ideal político e social será mellor presentado, na miña opinión, pola franca aceptación, por parte de todos os nacionalistas serios, da república como a súa meta.

Non unha republica como en Francia, onde unha monarquía capitalista cunha cabeza electiva parodia os abortos constitucionais de Inglaterra, e en aberta alianza co despotismo moscovita gábase descaradamente da súa apostasía das tradicións da revolución.

Non unha república como en Estados Unidos, onde o poder dos cartos estableceu unha nova tiranía baixo as formas da liber-

dade, onde, cen anos despois de que os pés do derradeiro casaca vermella británico contaminara as rúas de Boston, os terratenentes e financeiros británicos impoñen sobre os cidadáns americanos unha servidume, comparada coa cal os impostos dos días prerevolucionarios eran unha mera bagatela.

¡Non! A república que eu quixera que os nosos compatriotas situaran diante deles como o seu ideal debería ser de tales características que a mera mención do seu nome habería servir en todo momento como un faro para os oprimidos de todos os países, ofrecendo sempre promesa de liberdade e fartura como recompensa polos seus esforzos no seu nome.

Para o arrendatario, encallado entre os terratenentes, dunha banda, e a competencia americana, doutra, como entre a moa superior e a inferior do muíño; para os asalariados das cidades, que sufren as exaccións do capitalista negreiro, para o xornaleiro do campo, matándose toda a vida por un salario escasamente suficiente para mantelo vivo; en realidade para cada un dos esforzados millóns sobre os cales se ergue a aparentemente espléndida estrutura da nosa moderna civilización, a república irlandesa debería ser un esconxuro, un punto de reunión para os descontentos, un abeiro para os oprimidos, un punto de partida para o socialista, entusiasta da causa da liberdade humana.

Este vencello das nosas aspiracións nacionais coas esperanzas dos homes e mulleres que erguen o estandarte da revolta contra ese sistema de capitalistas e terratenentes, do cal o Imperio Británico é o exemplo máis agresivo e o defensor máis resoluto, non debería, de ningunha maneira, introducir un elemento de discordia nas filas dos nacionalistas serios, e había servir para poñernos en contacto con reservas frescas de forza física e moral suficientes para situar a causa de Irlanda na posición máis dominante ocupada desde os días de Benburg<sup>1</sup>.

Pode alegarse que a idea dunha república socialista, implicando, como o fai, unha completa revolución política e económica, afastaría certamente a todos os nosos partidarios da clase media

---

1 Vila do Ulster famosa por tres batallas que se libraron nela nos anos 1597, 1601 e 1641.

e mais da aristocracia, temerosos da perda das súas propiedades e privelexios.

¿Que significa esta obxección? ¡Pois que debemos gañar o favor das clases privelexiadas de Irlanda!

Mais só podemos desarmar a súa hostilidade asegurándolles que nunha Irlanda libre os seus “privelexios” non serán tocados. Iso equivale a dicir que debemos garantir que cando Irlanda estea libre da dominación extranxeira os casacas verdes irlandeses defenderán as ganancias fraudulentas dos capitalistas e terratenentes das “fracas mans dos pobres” tan eficaz e implacablemente como as casacas vermellas emisarias de Inglaterra fan hoxe en día.

Sobre ningunha outra base se unirán as clases con vós. ¿Esperades que as masas loiten por ese ideal?

Cando falades de liberar Irlanda, ¿referídesvos só aos elementos químicos que compoñen o solo de Irlanda? ¿Ou vos referides ao pobo irlandés? Se é isto último, ¿de que vos propoñedes liberalo? ¿Do dominio de Inglaterra?

Mais todos os sistemas de administración política ou de maquinaria gubernamental non son senón o reflexo das formas económicas que lles serven de base.

O dominio inglés en Irlanda é o símbolo do feito de que os conquistadores ingleses do pasado impuxeron neste país un sistema de propiedade baseado na espoliación, no fraude e no asasinato; de que, como o actual exercicio do “dereito de propiedade” así orixinado require a continua práctica do espolio e o fraude legalizados, o dominio británico resulta ser a forma máis acaída de goberno para a defensa da espoliación, e un exército inglés a ferramenta máis azosa para executar o asasinato xudicial cando os temores das clases acaudaladas o demandan.

Penso que o socialista que aniquile por completo o sistema brutalmente materialista de civilización, que, coma o idioma inglés adoptamos como propio, é un inimigo moito máis mortal da tutela e dominio ingleses ca o pensador superficial que imaxina que é posible reconciliar a liberdade irlandesa con esas insidiosas e desastrosas formas de asoballamento económico: a tiranía do terratenente, o fraude capitalista e a noxenta usura; nocivos froitos da conquista normanda, a impía trindade da cal

Strongbow e Diarmuid Mac Murchadha (2), ladrón normando e traidor irlandés foron os axeitados precusores e apóstolos.

Se mañá expulsades ao exército inglés e erguedes a bandeira verde no Dublin Castle, a menos que emprendades a organización da república socialista, os vossos esforzos han ser en van.

Inglaterra aínda vos dominará. Dominaravos por medio dos seus capitalistas, por medio dos seus terratenentes, por medio dos seus financeiros, por medio da serie de institucións comerciais e individuais que plantou neste país e regou coas bágoas das nosas nais e o sangue dos nosos mártires.

Inglaterra aínda vos dominará ata a vosa ruína, incluso mentres os vossos beizos ofrezan unha hipócrita homenaxe ao altar desa liberdade que traicionastes.

O nacionalismo sen socialismo, sen unha reorganización da sociedade sobre a base dunha máis ampla e desenrolada forma desa propiedade comunal que era o alicerce da estrutura social da antiga Eirín, é só cobardía nacional.

E equivalería a unha declaración pública de que os nosos opresores lograron inocularnos as súas pervertidas concepcións de xustiza e moralidade ata o punto de que nós finalmente decidiríamos aceptar esas concepcións como propias e xa non precisaríamos un exército estranxeiro para impoñérolas.

Como socialista estou disposto a facer todo o que un home pode facer para devolver á nosa patria o seu lexítimo patrimonio: a independencia, mais se me pedides que rebaixe un chisquiño as reivindicacións de xustiza social para contentar ás clases privilexiadas, daquela debo negarme.

Esa conducta non sería nin honorable nin factible. Non esquezamos que nunca alcanza o ceo quen aló se dirixe en compañía do demo. Proclamemos abertamente a nosa fe; a lóxica dos acontecementos está con nós.

*SHAN VAN VOCHT*, XANEIRO 1897.

---

2 Strongbow: alcume de Richard de Clare, 2º conde de Pembroke. Conquistou Irlanda en 1170 acudindo á chamada de Diarmuid MacMurchadha (Dermot MacMurrough, en inglés), rei irlandés de Leinster que, vencido polos seus vasalos, pediu axuda aos ingleses.

## SOCIALISMO E NACIONALISMO IRLANDÉS

A vida pública de Irlanda ten estado, xeralmente, tan identificada coa loita pola emancipación política que, como era de esperar, o aspecto económico da situación só recibiu por parte dos nosos historiadores e homes públicos unha atención moi escasa.

O socialismo científico está baseado na verdade contida nesta proposición de Karl Marx: “A dependencia económica dos traballadores verbo dos monopolistas dos medios de produción é o alicerce da escravitude en todas as súas formas, o motivo de case toda a miseria social, o crime moderno, a degradación mental e a dependencia política”. Así, esa falsa esaxeración das formas puramente políticas que envolveu en Irlanda a loita pola liberdade, debe parecer aos socialistas un inexplicable erro por parte dun pobo tan duramente esmagado como o irlandés.

Mais o erro é máis aparente ca real.

Pese á reaccionaria actitude dos nosos líderes políticos, a gran maioría do pobo irlandés sabe moi ben que unha vez conquerida esa liberdade política pola que pelexan con tanto ardor, tería que ser utilizada como un medio de redención social antes de que o seu benestar fose asegurado.

A pesar da ocasional esaxeración dos seus resultados inmediatos un debe lembrar que gracias a loitar decididamente, como fixeron, cara a ese definido obxectivo político, os irlandeses están a traballar nas liñas de actuación establecidas polo socialismo moderno como unha condición indispensable para o éxito.

Desde o abandono do desafortunado insurreccionismo dos primeiros socialistas, que concentraban exclusivamente as súas esperanzas no triunfo final dunha sublevación con loita nas barricadas, o socialismo moderno, confiando no método máis lento pero máis seguro das urnas, dirixiu a atención dos seus partidarios cara á conquista pacífica das forzas do goberno en interese do ideal revolucionario.

A chegada do socialismo só pode acontecer cando o proletariado revolucionario, en posesión das forzas organizadas da nación –o poder político do goberno–, sexa quen de construír unha organización social axeitada á marcha natural do desenvolvemento industrial.

Por outra banda, o esforzo cooperativo apolítico debe infaliblemente sucumbir fronte á oposición das clases privelexiadas, atrincheiradas detrás das murallas da lei e mais do monopolio. Este é o motivo de que, aínda sendo desde o punto de vista económico profundamente conservador, o nacionalista irlandés, incluso co seu falso razoamento, é un axente activo da rexeneración social na medida en que percura investir de plenos poderes sobre o seu propio destino a un pobo que na práctica esta gobernado en interese dunha aristocracia feudal.

A sección do exército socialista ao que eu pertenzo, o Partido Socialista Republicano Irlandés, nunca quere agachar a súa hostilidade a aqueles partidos puramente burgueses que dirixen na actualidade a política irlandesa.

Mais, ao inscribirmos na nosa bandeira un ideal ao que eles tamén rinden homenaxe de palabra, non temos intención de unírmonos a un movemento que pode devaluar a bandeira do socialismo revolucionario.

Os partidos socialistas de Francia opóñense aos meramente republicanos sen deixaren de amar a república. Do mesmo xeito o Partido Socialista Republicano Irlandés percura a independencia da nación ao tempo que rexeita adaptarse aos métodos ou empregar os argumentos dos nacionalistas chauvinistas.

Como socialistas non estamos imbuídos de odio nacional ou racial pola lembranza de que a orde política e social baixo a que vivimos foi imposta aos nosos pais a punta de espada; de que durante setecentos anos Irlanda resistiu esta inxusta dominación extranxeira, de que a fame, a peste e o mal goberno fixeron desta illa occidental case un deserto e espallaron aos nosos compatriotas exilados por toda a face do globo.

A relación de feitos que acabo de mencionar non pode hoxe en día inspirar ou dirixir as enerxías políticas da clase obreira militante de Irlanda; non é ese o alicerce da nosa resolución de liberar Irlanda do xugo do Imperio Británico. Máis ben recoñecemos que durante todos eses séculos a gran maioría do pobo británico non tivo existencia política ningunha, que Inglaterra estaba política e socialmente aterrorizada por unha clase gobernante numéricamente pequena, que as atrocidades que foron perpetradas contra Irlanda son só imputables á ambición sen

escrúpulos desa clase, cobizosa de se enriquecer ás expensas de homes indefensos, que ata a presente xeración á gran maioría do pobo inglés lle foi negada a voz no goberno do seu propio país, que é, por tanto, manifestamente inxusto acusar ao pobo inglés dos pasados delitos do seu goberno, e que, no peor dos casos, só poderíamos acusalo dunha apatía criminal por someterse á escravitude e permitir que o convertisen nun instrumento de coerción para a escravización doutros. Unha acusación tan aplicable ao presente como ao pasado.

Mais aínda que refugamos basear a nosa acción política nunha hostilidade nacional herdada e desexamos máis ben camaradería cos traballadores ingleses ca miralos con odio, e queremos, cos nosos precursores, os Irlandeses Unidos de 1798<sup>3</sup> que os nosos resentementos sexan enterrados cos ósos dos nosos devanceiros, cómpre dicir que non hai partido en Irlanda que acentúe máis, como principio esencial da súa fe política a necesidade de separar Irlanda de Inglaterra e de facela absolutamente independente. Aos ollos dos ignorantes e mais dos irreflexivos isto pode parecer inconsistente, mais estou convencido de que os nosos irmáns socialistas de Francia reconecerán de contado a xustiza do razoamento sobre o que se basea esa política.

1. Coidamos que “a emancipación económica do traballador require a conversión dos medios de produción en propiedade común da sociedade”. Traducido á linguaxe corrente e á práctica da política actual isto ensínanos que o necesario camiño a percorrer cara ao establecemento do socialismo require a transferencia dos medios de produción das mans dos propietarios privados ás das organizacións públicas directamente responsables do conxunto da comunidade.

2. O socialismo busca, pois, en interese da democracia, afortalar a acción popular en todas as organizacións públicas.

3. As organizacións representativas en Irlanda expresarán máis directamente a vontade do pobo irlandés que se esas organizacións residen en Inglaterra.

---

3 *United Irishmen*: Asociación fundada en 1791 por T.W. Tone para obter a emancipación dos irlandeses católicos e a reforma parlamentaria. A represión fixo que pasara a loitar pola independencia. En 1794 contactaron coa Francia revolucionaria. Rebeláronse, sen éxito, en 1798.

Unha república irlandesa será pois a depositaria natural do poder popular, a arma da emancipación popular, o único poder que amosará á plena luz do día todos eses antagonismos de clase e todas esas liñas de demarcación económica que agora están escurecidas polas brétemas do patriotismo burgués.

Nisto non hai chisco de chauvinismo. Desexamos manter co pobo inglés as mesmas relacións políticas que co pobo francés, alemán ou de calquera outro país; a máis grande amizade posible, pero tamén a máis estricta independencia. Irmáns, pero non compañeiros de cama. Deste xeito, inspirados por outro ideal, guiados pola razón e non pola tradición, seguindo un curso diferente, o Partido Socialista Republicano Irlandés chega á mesma conclusión que o máis irreconciliable nacionalista. O poder governamental de Inglaterra sobre nós debe ser destruído, os vencillos que nos unen a ela deben ser rotos. Tendo aprendido da historia que todos os movementos burgueses acaban nun pacto, que os burgueses revolucionarios de hoxe se converten nos conservadores de mañá, os socialistas irlandeses refugan negar ou perder a súa identidade con aqueles que só entenden a medias o problema da liberdade. Só percuran a alianza e mais a amizade de aqueles homes que, amando a liberdade por si mesma, non temen seguir a súa bandeira cando é erguida polas mans da clase obreira, que é quen máis a precisa. Os seus amigos son aqueles que non dubidarían en seguir ese estandarte de liberdade e en consagrar as súas vidas ao seu servicio mesmo se iso levara á terrible arbitrase da espada.

*L'IRLANDE LIBRE, PARIS, 1897.*